

## **SESIÓN ORDINARIA DE 22 DE DICIEMBRE DE 2011**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día 22 de decembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 14-10-11; 26-10-11; 28-10-11 E 25-11-11**

Ponse de manifesto aos membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 14, 26 e 28 de outubro e 25 de novembro de 2011, cuxa copia adxuntouse coa convocatoria.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

### **2. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS**

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

#### **INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES**

##### **PORCIÓN VIAL Nº 113**

##### **CELA**

**NOME: PORCIÓN VIAL EN FORMISTAN – CELA.**

**NATUREZA DO INMOBLE:**

Uso público

Prescripción: dominio público viario

**SITUACIÓN:**

Parroquia: CELA

Núcleo/lugar: FORMISAN

Lindeiros: Norte, Patricia Camino Fernandez; Sur, finca matriz; Este, Antonio Barreiro Gonzalez; e Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 57,37 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 10 de decembro de 2010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11147, Folio 57, Tomo 1153, Libro 101

### PORCIÓN VIAL Nº 114

#### MARTUL

NOME: PORCIÓN VIAL EN MARTUL

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MARTUL

Núcleo/lugar: MARTUL

Lindeiros: Norte, coa finca matriz, Sur, camiño, realmente en parte con camiño, en parte coa parcela 2 de Antonio Prado e en parte coa parcela 4 de Casa de Forxa, hoxe realmente coa parcela 2 de Antonio Prado; e Oeste Marcelino López, realmente, con camiño.

SUPERFICIE: 159,15 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 29 de novembro de 2.010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: finca 11145, tomo 1153, libro 101, folio 49.

PORCIÓN VIAL Nº 115

MATELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN MATELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: MATELA

Lindeiros: Norte, parcela 26, ao Sur, parcela 24 e ao Este coa finca matriz e ao Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 79,60 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 19 de novembro de 2010, subsanada en escritura notarial de 26 de julio de 2011, ante el notario J. Manuel López Cedrón.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: finca 11148, Tomo 1153, libro 101, folio 58.

PORCIÓN VIAL Nº 118

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS- ROBRA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: Norte , con D. José Tizón Freire; ao Sur, con D. José Piñón; ao Este, coa finca matriz e ao Oeste camiño.

SUPERFICIE: 54,00 m<sup>2</sup>.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 13 de outubro de 2010, subsanada mediante escritura pública notarial de fecha de 3 de agosto de 2011, autorizada por el notario Germán Aguilera Cristóbal.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: finca 11149, tomo 1153, libro 101, folio 59.

PORCIÓN VIAL Nº 121

OUTEIRO DE REI

NOME: PORCIÓN VIAL EN OUTEIRO DE REI – OUTEIRO DE REI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: OUTEIRO DE REI

Lindeiros: Norte, de Julio Buide e outro; ao Este finca matriz; Sur e Oeste, camiños públicos.

SUPERFICIE: 48 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 14 de abril de 2.011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11135, Folio 16, Tomo 1153, Libro 101.

PORCIÓN VIAL Nº 125

FRANCOS

NOME: PORCIÓN VIAL EN FRANCOS – FRANCOS.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: FRANCOS

Núcleo/lugar: FRANCOS

Lindeiros: Norte: camiño; Sur, finca matriz; Este, parcela 65 de María Manuela Sanclodio Roibás e Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 181 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 3 de octubre de 2011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade finca matriz: Finca 10083, 1ª, Folio 61, Tomo 1.112, Libro 88.

PORCIÓN VIAL Nº 126

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN CONSTANTE – SILVARREI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: CONSTANTE

Lindeiros: Norte: José Méndez, hoxe monte comunal de San Xoán de Silvarrei, Sur, Concello de Lugo; Este, finca matriz; Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 60,93 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 13 de setembro de 2011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 127

FRANCOS

NOME: PORCIÓN VIAL EN FRANCOS – FRANCOS.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: FRANCOS

Núcleo/lugar: FRANCOS

Lindeiros: Norte con camiño; ao Sur coa finca matriz; ao Leste con camiño público e ao Oeste, termina en punta entre camiño e leira de Jesús Morandeira Franco.

SUPERFICIE: 181 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 3 de outubro de 2011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: finca 11146, tomo 1153, libro 101, folio 101.

### PORCIÓN VIAL Nº 128

#### ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN ROBRA – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: ROBRA

Lindeiros: Norte Norte con Maria Ángeles Gómez Illán e monte comunal de Robra; ao Sur con Luz Maria Prado Illán, ao Este coa finca matriz e ao Oeste con estrada, monte comunal de Robra, José Gómez Teijeiro, Consuelo Illán Carreira, Manuel Neira Neira e Maria Carmen Obarrio Prado.

SUPERFICIE: 68,20 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 11 de novembro de 2011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 10.772, 1ª, Folio191, Tomo 1.139, Libro 96.

### PORCIÓN VIAL Nº 129

#### MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MOSTEIRO, procedente da segregación da finca matriz 69 do polígono 88.

Lindeiros: Norte, coa parcela 61 de Salomé Domínguez Carballido; Sur, coa parcela 61 e coa parcela 60 de José Domínguez Carballido; Leste coa finca matriz e Oeste camiño público.

SUPERFICIE: 505,70 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 2 de decembro de 2011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámites de inscrición.

PORCIÓN VIAL Nº 130

FRANCOS

NOME: PORCIÓN VIAL EN FRANCOS

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: FRANCOS

Núcleo/lugar: FRANCOS, procedente da segregación da finca matriz 28 do polígono 30.



Lindeiros: Norte con camiño; Sur: finca matriz; Leste: camiño e Oeste, termina en punta entre camiño e leira de Jesús Morandeira Franco.  
SUPERFICIE: 259 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 3 de outubro de 2011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámites de inscrición”.

Non xurdindo debate sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### **3.- ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ**

O sr. Alcalde pon de manifesto as solicitudes presentadas dentro do prazo indicado no anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 265, sábado, 19 de novembro de 2011.

Ditas solicitudes son as seguintes: César José Castiñeira Muiña; María Jesús Fernández Peteira e Jesús Dositeo Piñeiro López.

O sr. Alcalde propón nomear a Jesús Dositeo Piñeiro López, que é o actual xuíz de paz, dado que e o único que acredita experiencia no desempeño de esta función, e durante o tempo que exerceu o cargo manifestou dispoñibilidade e seriedade.

O sr. Arcadio afirma que, a diferenza do anterior nomeamento, no que o seu grupo político propuña un candidato concreto, neste caso non ten proposta algunha, polo que non lle parece mal o nomeamento proposto xa que acreditou cumprir satisfactoriamente coas obrigas do posto.

O sr. Varela pregunta se, ademáis do exame dos currículums fixose algunha entrevista.

O sr. Alcalde resposta que non.

Neste intre incorpórase Serafín Vázquez Arias.

Rematado o debate sométese a votación a seguinte proposta de resolución: “Elexir como xuíz de paz do Concello de Outeiro de Rei a don Jesús Dositeo Piñeiro López, con DNI nº 33309687Y”.

Realizada a votación a proposta resulta aprobada con nove votos a favor e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE.

### **4, 5 e 6.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE; PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E PROPOSTA DE MODIFICACIÓN**

## **DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIRO.**

A instancias do sr. Alcalde trátanse conjuntamente os puntos 4, 5 e 6 da orde do día, e inicia a exposición das seguintes propostas:

### **“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, expoño:

Coa aprobación da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, vense a incorporar ao ordenamento interno a Directiva 2000/60/CE do Parladoiro Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece o marco comunitario de actuación no eido da política de augas, particularmente polo que atinxe ao seu considerando 38 e o seu artigo 9.

En consontes coa citada Directiva, o artigo 40 da Lei 9/2010, establece que *“As administracións titulares dos servizos de abastecemento e saneamento e depuración esixirán os tributos que lles correspondan de acordo co previsto na normativa que lles sexa de aplicación e tendo en conta o principio da recuperación dos custes dos servizos relacionados co auga, incluídos os custes medioambientais, e, en particular, de conformidade co principio de que quen contamina paga”*.

A efectiva implantación no Concello de Outeiro de Rei das esixencias impostas pola normativa ambiental comunitaria e, na súa transposición, pola Lei 9/2010, esixe a actuación das taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga e sumidoiros, que se atopaban moi lonxe da recuperación dos custes así como da aplicación do principio de quen contamina paga.

Asemade, esta normativa esixe, non só actualizar a taxa ao prezo real actual do servizo, senón garantir no futuro que se manteña tal correspondencia, cunha periódica adaptación das cuotas tributarias ao incremento do custe do servizo.

E por iso polo que propono a actualización das cuotas tributarias, de xeito que a ordenanza quede redactada como segue:

### **“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

#### **Artigo 1. Imposición e Ordenación.**

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas

Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable, que se rexirá pola presente Ordenanza.

## Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación efectiva do servizo de abastecemento de auga potable, integrado tanto polas actuacións de enganche de líneas e colocación de contadores, como do tratamento e posterior distribución e suministro de auga potable.

A tal efecto, entenderase por actuacións de enganche de líneas e colocación de contadores, o conxunto de actuacións materiais e administrativas necesarias para dotar de suministro á parcela sobor o que se ubica a edificación receptora do servizo, tales como tramitación do expediente de concesión do servizo, obtención de autorización e e permisos de outras administracións públicas, tendido das liñas dende a rede xeral ata o límite de parcela, colocación de contadores... etc.

No suposto de edificios suxeitos ao réxime de propiedade horizontal no que existisen varios usuarios, as actuacións de dotación do servizo a cada elemento privativo do inmovible constituirán feitos imponibles diferentes que darán lugar ao devengo dunha cuota tributaria de enganche de líneas para cada elemento privativo.

Entenderase suministro de auga potable as actuacións previstas no Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade do auga de consumo humano, con excepción das actuacións de enganche de líneas e colocación de contadores.

## Artigo 3. Devengo da taxa

A Obrigación de contribuir nace:

Respecto da cuota tributaria derivada do enganche de líneas; no momento da presentación da solicitude do servizo no rexistro xeral do Concello de Outeiro de Rei.

Respecto da cuota tributaria derivada do suministro regular de auga potable, o derradeiro día de cada bimestre natural.

## Artigo 4. Obrigados tributarios.

-Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de contribuíntes da cuota de enganche, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliten o enganche de líneas e colocación de contadores.

- Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes da cuota de suministro, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen os edificios ou instalacións preceptoras do servizo.

-Serán sustitutos do contribuinte os propietarios dos inmobles sobor os que recaen as actuacións de prestación do servizo. A estes efectos, nos inmobles suxeitos a réxime de propiedade horizontal, serán sustitutos do contribuinte das cuotas devengadas polos enganches a líneas e colocación de contadores ubicados nos elementos comúns do inmoble, a Xunta de Propietarios, e serán sustitutos do contribuinte das cuotas devengadas polos enganches e colocación de contadores ubicados nos elementos privativos do inmoble, os titulares dominicais dos mesmos.

-No suposto de que a edificación ou intalación receptora do servizo estivera suxeito a algún réxime de propiedade horizontal, terán a condición de responsables tributarios solidarios das cuotas devengadas polos enganches a líneas e colocación de contadores ubicados nos elementos comúns do inmoble os propietarios dos elementos privativos do inmoble, que responderán da débeda tributaria en proporción á súa cuota de participación nos elementos comúns.

#### Artigo 5. Base imponible.

A base imponible da taxa a constitúen a totalidade dos custes previsibles da prestación do servizo de abastecemento de auga potable, integrados tanto polas actuacións de enganche de líneas e colocación de contadores, como do tratamento e posterior distribución de auga potable.

Para a aplicación das cuotas tributarias variables en función do consumo efectivo de auga potable, estarase as seguintes regras:

Entenderase como consumo efectivo o rexistrado no contador.

No suposto de que o servizo municipal apreciase unha manipulación do contador, entenderase como consumo efectivo o meirande de entre o rexistrado no contador no período correspondente ou o rexistrado no bimestre anterior.

#### Artigo 6. Cuotas tributarias e garantías tributarias.

As cuotas triburias da taxa son as seguintes:

*Actuación de enganche a líneas:* 1084,43 euros.

*Suministro de auga potable a edificacións e instalacións de uso residencial ou agrícola:*

Consumo mínimo (ata 16 m<sup>3</sup>): 6,67 euros.

De 16 a 42 m<sup>3</sup>: 0,48 euros/m<sup>3</sup>

Máis de 42 m<sup>3</sup>: 0,82 euros/m<sup>3</sup>

*Suministro de auga potable a edificacións e instalacións de uso comercial ou industrial:*

Consumo mínimo (Ata 42 m<sup>3</sup>): 20,43 euros

Máis de 42 m<sup>3</sup>: 0,82 euros/m<sup>3</sup>

*Supostos especiais de determinación da cuota tributaria:*

A fixación da cuota tributaria pola prestación do servizo ao centro penitenciario de Bonxe se efectuará no correspondente convenio ou contrato asinado co órgano competente.

*Fianza:* No momento de alta no servizo municipal de auga potable, os aboados deberán constituir perante a tesourería municipal, unha fianza en metálico pola contía de 108,18 euros.

*Adecuación da cuota tributaria á calidade do servizo:*

Estabrécese unha deducción de 2 euros na cuota triburaria por cada día de interrupción na prestación do servizo, sen o previo aviso ou publicación.

A cuota triburaria resultante da aplicación de esta deducción, non poderá ser inferior ao 50% da cuota íntegra.

A aplicación da presente deducción se efecturá a solicitude do interesado.

*Actualización da cuota ao IPC*

As cuotas contidas na presente Ordenanza experimentarán un incremento anual igual ao incremento que experimente o Índice de Precios ó Consumo fixado polo INE a nivel nacional a día 31 de decembro de cada ano e con referencia ao 31 de decembro de 2011.

Co gallo de mellorar a seguridade xurídica, a Xunta de Goberno publicará no primeiro bimestre de cada ano as contías da cuota tributaria resultantes de ditas actualizacións.

Artigo 7. Xestión tributaria.

A xestión tributaria das cuotas derivadas das actuacións de enganche de lineas e colocación de contadores se efectuará mediante liquidación tributaria xirada de oficio pola administración.

A xestión triburaria das cuotas derivadas das actuacións de suministro efectuarase mediante a aprobación de padróns bimestrais.

Estos padróns terán a natureza de liquidacións triburarias colectivas, notificándose colectivamente no xeito establecido pola lexislación triburaria vixente.

Os padróns da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable podrán xestionarse conxuntamente cos padróns das taxas pola prestación do servizo de evacuación de augas residuais e recollida e tratamento de lixo”.

## “PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, expoñe:

Coa recente aprobación da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, o lexislador básico estatal incorpora ao ordenamento interno en materia de residuos o principio de “quen contamina paga”.

A tal efecto, o artigo 11.3 da dita Lei 22/2011, establece literalmente:

*“En la determinación de los costes de gestión de los residuos domésticos, y de los residuos comerciales gestionados por las Entidades Locales, deberá incluirse el coste real de las operaciones de recogida, transporte y tratamiento de los residuos, incluida la vigilancia de estas operaciones, y el mantenimiento posterior al cierre de los vertederos”.*

Isto esixe, non só actualizar a taxa ao prezo real do servizo, senón garantir no futuro que se manteña tal correspondencia, cunha periódica adaptación das cuotas tributarias ao incremento do custe do servizo.

E por iso polo que propoño a actualización das cuotas tributarias, de xeito que a ordenanza quede redactada como segue:

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO EN OUTEIRO DE REI

Artigo primeiro.- Imposición e Ordenación:

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo Segundo.- Feito Impoñible:

Constitúe o feito impositivo da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria da recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, así como o seu ulterior tratamento.

Artigo terceiro.- Sugetos pasivos:

1. Son sugetos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeto pasivo sustituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo cuarto.- Exencións.

1.- Cando, para un mesmo contribuínte e nun único establecemento ou vivenda, concurren circunstancias que determinen a aplicación de epígrafes diferentes da tarifa por prestación obrigatoria do servizo, satisfarase unicamente por aquela da que resulte á cota máis elevada.

2.- Non estarán sugetos ó pago da taxa os garaxes anexos ás vivendas unifamiliares ou locais de negocio ou destinados a todo o inmovible, sempre que ditos garaxes estén no mesmo inmovible e se satisfagan as taxas correspondentes á vivenda ou local.

Artigo quinto.- Cota tributaria.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local ou vivenda que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da súa situación, tén carácter irreducible e corresponde a cada bimestre natural.

A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas según situación, categoría e ano:

EPIGRAFE 1º.

ZONA URBANA

Vivenda familiar: .....13,13 Euros

MEDIO RURAL

Vivenda familiar:..... 8,76 Euros

EPIGRAFE 2º.

Establecementos comerciais e industriais cúa cota tributaria no Imposto de Actividades Económicas se atope por debaixo das 150,25 euros ..... 30,97 Euros

EPIGRAFE 3º.

Idem. cúa cota tributaria se atope encadrada entre 150,25 e 601,01 euros .....61,98 Euros

EPIGRAFE 4º.

Idem. entre 601,01 e 1.202,02 Euros.....206,59  
Euros

EPIGRAFE 5º.

Idem. entre 1.202,02 e 6.010,12 euros .....412,50  
Euros

EPIGRAFE 6º.

Idem. entre 6.010,12 e 30.050,61 euros .....826,39  
Euros

EPIGRAFE 7º.

Idem.. cota tributaria d'os I.A.E. supere os 30.050,61 Euros .....1.858,92  
Euros

EPIGRAFE 8º.  
CATEGORÍA ESPECIAL

Centro Penitenciario de Bonxe .....8759,75  
Euros  
Xeriátricos e Hoteis de catro estrelas óu máis..... 3,90 euros/cama /  
bimestre

As cuotas contidas na presente Ordenanza experimentarán un incremento anual igual ao incremento que experimente o Índice de Precios ó Consumo fixado polo INE a nivel nacional a día 31 de decembro de cada ano e con referencia ao 31 de decembro de 2011.

Co gallo de mellorar a seguridade xurídica, a Xunta de Goberno publicará no primeiro bimestre de cada ano as contías da cuota tributaria resultantes de ditas actualizacións.



## Artigo sexto.- Devengo

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando está establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixos domiciliarios nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais suxeitos á taxa.

2.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengaránse o primeiro día de cada bimestre natural, salvo que o devengo da taxa se produxese con posterioridade a dita data, en cuio caso a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

## Artigo sétimo.- Declaración e ingreso

1.- Dentro dos trinta días hábiles seguintes ó en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxectos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentado ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro trimestre.

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquer variación dos datos figurados na matrícula, levaránse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se haxa efectuado a variación.

3.- O pago do tributo realizarase obrigatoriamente mediante domiciliación bancaria.

## Artigo oitavo. – Xestión

A xestión triburaria das cuotas efectuarase mediante a aprobación de padróns bimestrais.

Estos padróns terán a natureza de liquidacións triburarias colectivas, notificándose colectivamente no xeito establecido pola lexislación triburaria vixente.

Os padróns da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo poderán xestionarse conxuntamente cos padróns das taxas pola prestación do servizo de evacuación de augas residuais e abastecemento de auga potable”.

## Artigo noveno.- Infraccións e sancións

En todo o relativo ás calificacións de infraccións tributarias, ase como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na lexislación tributaria.

## DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto a Corporación Municipal non acorde a súa modificación ou derogación expresamente.”

## PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUMIDOIROS

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, expoñe:

Coa aprobación da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, vense a incorporar ao ordenamento interno a Directiva 2000/60/CE do Parladoiro Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece o marco comunitario de actuación no eido da política de augas, particularmente polo que atinxe ao seu considerando 38 e o seu artigo 9.

En consontes coa citada Directiva, o artigo 40 da Lei 9/2010, establece que *“As administracións titulares dos servizos de abastecemento e saneamento e depuración esixirán os tributos que lles correspondan de acordo co previsto na normativa que lles sexa de aplicación e tendo en conta o principio da recuperación dos custes dos servizos relacionados co auga, incluídos os custes medioambientais, e, en particular, de conformidade co principio de que quen contamina paga”*.

A efectiva implantación no Concello de Outeiro de Rei das esixencias impostas pola normativa ambiental comunitaria e, na súa transposición, pola Lei 9/2010, esixe a actuación das taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga e sumidoiros, que se atopaban moi lonxe da recuperación dos custes así como da aplicación do principio de quen contamina paga.

Asemade, esta normativa esixe, non só actualizar a taxa ao prezo real do servizo, senón garantir no futuro que se manteña tal correspondencia, cunha periódica adaptación das cuotas tributarias ao incremento do custe do servizo.

E por iso polo que propoño a actualización das cuotas tributarias, de xeito que a ordenanza quede redactada como segue:

## TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

### Artigo 1. Imposición e Ordenación.

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20.4.t do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais.

## Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais, integrados polas seguintes prestacións municipais:

- A realización de acometidas ou conexións á rede xeral ou a reforma destas conexións.
- A conservación e mantemento das mesmas.
- A evacuación das augas residuais.
- A depuración das augas residuais para o seu ulterior verquido.
- As actuacións de control de verquido.
- As demais previstas na lexislación aplicable ao servizo.

No suposto de edificios suxeitos ao réxime de propiedade horizontal no que existen varios usuarios, as actuacións de dotación do servizo a cada elemento privativo do inmovible constituirán feitos imponderables diferentes que darán lugar ao devengo dunha cuota tributaria de enganche de lixeiras para cada elemento privativo.

Enténdese que se presta o servizo cando a edificación dispón de conexión ao mesmo.

## Artigo 3. Devengo da taxa

A Obrigación de contribuir nace o derradeiro día de cada bimestre natural.

## Artigo 4. Obrigados tributarios.

Están obrigados ó pago da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen os edificios ou instalacións preceptoras do servizo.

## Artigo 5. Base imponible.

A base imponible da taxa a constitúen a totalidade dos custes previsibles da prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais.

Para a aplicación das cuotas tributarias variables en función do uso do servizo, estarase as seguintes regras:

Entenderase como uso efectivo o consumo rexistrado no contador do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable.

No suposto de que o servizo municipal apreciase unha manipulación do contador, entenderase como uso efectivo o meirande de entre o rexistrado no contador no período correspondente ou o rexistrado no bimestre anterior.

## Artigo 5. Cuotas tributarias e garantías tributarias.

As cuotas tributarias da taxa son as seguintes:

*Servizo a edificacións e instalacións de uso residencial ou agrícola:*

- Consumo mínimo (ata 16 m3): 4 euros.
- Máis de 16 m3: 0,25 euros/m3

*Servizo a edificacións e instalacións de uso comercial ou industrial:*

- Consumo mínimo (Ata 42 m3): 10,55 euros
- Máis de 42 m3: 0,25 euros/m3

*Servizo a edificacións e instalacións que carezan de servizo de abastecemento municipal de auga.*

- Edificacións de uso residencial ou agrícola: 7 euros.

*Acometidas á rede municipal de sumidoiros:*

Por cada acometida e a satisfacer por unha soa vez: a cota que resulte de multiplica-lo número de vivendas, locais comerciais, industriais e profesionais radicados no inmovible pola cantidade de 18,03 Euros.

As cuotas contidas na presente Ordenanza experimentarán un incremento anual igual ao incremento que experimente o Índice de Precios ó Consumo fixado polo INE a nivel nacional a día 31 de decembro de cada ano e con referencia ao 31 de decembro de 2011.

Co gallo de mellorar a seguridade xurídica, a Xunta de Goberno publicará no primeiro bimestre de cada ano as contías da cuota tributaria resultantes de ditas actualizacións.

Artigo 6. Xestión tributaria.

A xestión tributaria das cuotas derivadas das actuacións de acometida se efectuará mediante liquidación tributaria xirada de oficio pola administración.

A xestión tributaria das cuotas derivadas das actuacións de suministro efectuarase mediante a aprobación de padróns bimestrais.

Estos padróns terán a natureza de liquidacións tributarias colectivas, notificándose colectivamente no xeito establecido pola lexislación tributaria vixente.

Os padróns da taxa pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais poderán xestionarse conxuntamente cos padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable e recollida e tratamento de lixo.

As cotas bimestrais son irreductibles calquera que sexa o momento dentro do bimestre en que comenze a prestarse o servizo ou se produza a súa interrupción por motivo legal.

Consecuentemente, as altas producirán efectos no mesmo bimestre en que se autoricen, e as baixas no seguinte a aquél no que fosen aprobadas. Unhas e outras deben

comunicarse ó Concello dentro dos quince días posteriores a aquél en que se produza o feito que dea lugar a elas.

Sempre que ó inmobile se lle preste o servizo de subministración municipal de auga, as altas e baixas nel suporán tamén automaticamente as do servizo da rede de sumidoiros”.

O Alcalde xustifica a modificación nos seguintes motivos:

- A existencia dunha normativa comunitaria europea que esixe que as taxas pola prestación destes servizos cubran os seus custes efectivos.
- A situación económica do Concello xenerada pola crise económica, que obriga a obter máis financiación para seguir a prestar os servizos.

E recorda que as taxas pola prestación dos servizos de recollida, transporte e tratamento de lixo e abastecemento de auga e sumidoiros, non se actualizan dende hai varios anos, mentres que os custes de prestación non cesaron de incrementarse. Isto dá lugar a un desfase actual entre ingresos e custes nestos servizos que a Interventora cuantificou dun 42% no caso do servizo de auga e sumidoiros e dun 59% no caso do servizo de recollida, transporte e tratamento de lixo.

Durante varios anos o Concello poido soportar o déficit destes servizos, pero a actual crise económica e a correspondente merma de ingresos municipais, impiden que o Concello poida seguir a subvencionar estes servizos, polo que se fai imprescindible dende un punto de vista económico a actualización das taxas aos custes liquidados no ano 2010.

E iso sen esquecer que dita actualización vería imposta en todo caso pola normativa europea citada así como pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia e pola Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

A continuación, o Alcalde expón que, unha vivenda cun consumo medio de auga, pasaría de pagar 7,83 euros a pagar 10,81 euros ao bimestre.

Pola prestación do servizo de sumidoiro, unha vivenda que pagaba 4,5 euros, pasará a pagar 6,25 euros ao bimestre. É dicir, un incremento de 0,80 euros/mes.

No que atinxe ao lixo, unha vivenda urbana que pagaba 8,26 euros pasará a pagar 13,13 euros ao bimestre, o que supón un incremento de 2,40 euros ao mes. E se é unha vivenda en solo rústico, pasará de pagar 5,51 euros a 8,76 euros bimestre, o que supón un incremento mensual de 1,60 euros, aproximadamente.

A suba mensual por cada vivenda media é duns catro euros e pico pola totalidade dos servizos.

Insiste en que a suba é necesaria e ademáis xusta, xa que é de xustiza que os servizos os paguen quen os utilizan. Ademáis, como o servizo hai que pagalo en todo caso, se non é a través das taxas terá que ser subindo outros impostos.

O voceiro do PSdG-PSOE, pregunta se esta modificación das taxas redundará nunha modificación das condicións de prestación do servizo ou se seguerá todo igual.

Asemade, manifesta que, ao seu parecer, as taxas do Concello de Outeiro de Rei son sustancialmente máis altas que as dos concellos circundantes, coma Rábade, Lugo, Begonte ou Castro de Rei, particularmente no que atinxe ao enganche da auga. Tamén fai notar que, pese a que os custes do servizo de recollida de lixo non son o dobre que os ingresos, a taxa por este servizo se multiplica polo dobre, o que lle parece excesivo.

O voceiro do grupo municipal do BNG pregúntase porqué se as taxas non estaban actualizadas, non se actualizaron antes, como en xaneiro ou incluso no ano anterior. E platéxase que unha suba tan importante destas taxas non se fixo antes por mor das eleccións.

Asemade, afirma que, nun momento tan difícil para as familias coma o actual, esta suba das taxas tan elevada é moi gravosa, e considera que sería máis axeitado facer unha suba gradual. Deste xeito a crise a están a pagar os de sempre.

Por outra parte, considera que a situación económica do Concello se debe, en gran parte, a que funcionaba en base a unha previsión de ingresos urbanísticos que agora non existen, e que iso explica a necesidade de gravar a cidadanía con subas tributarias.

O sr. Alcalde resposta ao voceiro do PSdG, que non se prevé modificar a prestación do servizo, xa que é un servizo que se presta na totalidade do termo municipal a pesares de sermos un Concello relativamente pequeno e rural(o que non fan os outros Concellos do entorno, incluso os máis grandes).

No que atinxe a taxa polo enganche, a cuota non se toca nesta modificación, que segue igual que estaba dende fai anos. E recorda que este é un debate que leva enriba da mesa dende, alo menos, quince anos. E non nega que é caro, pero é o que se necesita para que todos as vivendas teñan acceso ao servizo de abastecemento de auga e garantir, deste xeito, o acceso a un servizo esencial.

Sorpréndelle que lle pareza caro o enganche ao servizo de sumidoiros, cando a cuota do enganche é de 18 euros. Dubida que haxa concellos que cobren menos.

Non é verdade que se multiplique por dous a taxa do lixo, senón que se incrementa nun 59%. É dicir, por 1,59, non por 2.

Ao voceiro do BNG respóstalle que se ben a suba é porcentualmente importante, non o é en termo absolutos, xa que a unha vivenda media a suba da totalidade das taxas lle implicará un incremento mensual que non chega aos 5 euros.

E non está de acordo con que esta suba se fixara a principios de ano, ou nos anos anteriores, xa que por aquel entón o Concello estaba en condicións de asumir o déficit do servizo. E afirma que se non é preciso subir a carga fiscal aos cidadáns, non se debe subir.

Está de acordo co voceiro do BNG en que a crise a están a pagar os de sempre. A están a pagar os cinco millóns e medio de desempregados, as 500.000 pemes e autónomos que tiveron que pechar. E, por suposto, e coma sempre, os servizos os teñen que pagar os cidadáns, xa que son quenés pagan os impostos para financiar as Administracións.

E non ter presente que os cartos públicos veñen do peto dos cidadáns leva a situacións de derroche coma a que levaron a España a esta situación.

O voceiro do PSdG afirma que no vale de nada ter a rede do servizo a porta da casa se logo non se pode pagar o enganche.

Tamén afirma que un Concello de aquí o lado cobra o servizo de sumidoiros a 5 euros o trimestre (non o bimestre), e 0,12 euros/m<sup>3</sup>, por un exemplo. E insiste que a suba é próxima ao dobre.

Remata anunciando que o seu grupo non está de acordo con esta proposta de modificación.

O voceiro do BNG afirma que o servizo se paga dobremente dende o momento en que se pagan impostos e, despois, as taxas do servizo. E claro que o Concello non é responsable da crise. Todo o mundo coñece quenés son os responsables desta crise. Pero quenés sempre a terminan pagando son os cidadáns, quenés tampouco son responsables.

Polo que atinxe a taxa polo enganche de auga, agora que a rede de abastecemento está practicamente rematada xa non ten sentido que se siga a cobrar mil oitenta euros polo enganche.

O Alcalde resposta que a rede xeral está rematada e que chega a tódolos núcleos de poboación. Pero as casas non están todas á mesma distancia, e hai casas que están máis preto que outras da rede. Si se cobrase en función da distancia á rede (coma fan outros concellos) a situación creada sería inxusta, xa que a decisión de por onde vai a rede implicaría que uns tivesen que pagar máis que outros.

Pero aínda que a rede xeral está rematada, o servizo está permanentemente a mellorar e a crecer, o que esixe reforzo dos servizos. Agora voltamos a superar os 5000 habitantes e este crecemento implica un incremento da demanda.

E fala dos concellos próximos e ignora que, por exemplo, en Lugo, págase a 0,28 euros o m<sup>3</sup>, e pola basura 90,72 euros ao ano, a pesares de ter unha maior densidade de poboación, mentres que aquí se pagará 73 euros e a poboación está moito máis dispersa. A pesares desta diferenza, o Concello de Lugo aínda se propón subir as taxas un 22% este ano.

Non pretende criticar a xestión do Concello de Lugo, que saberá cales son os seus custes, senón poñer de manifesto que a xestión dos servizos polo Concello de Outeiro de Rei é eficiente.

E remata recalcando a importancia que ten o equilibrio financeiro, xa que unicamente o equilibrio financeiro garante a sostenibilidade na prestación dos servizos e a posibilidade de pagar aos provedores.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación das propostas transcritas.

Realizada a votación, quedan aprobadas as tres propostas con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e PSdG-PSOE.

## **7.- PROPOSTA DE TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ELABORACIÓN OU REPRODUCCIÓN DE DOCUMENTOS A INSTANCIA DE PARTE E TRAMITACIÓN DE DETERMINADOS EXPEDIENTES URBANÍSTICOS E DE XESTIÓN DA BIOMASA**

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoño:

Coa aprobación da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia, atribúuse aos concellos Galegos a responsabilidade de control da xestión da biomasa vexetal nas fanxas definidas no artigo 21.1.b) da citada lei.

Esta competencia está a xerar unha importante carga de traballo para o persoal municipal, que lóxicamente implica un custe para o concello e, en última instancia, para a totalidade da veciñanza do termo municipal.

Por outra banda, este custe trae causa do previo incumprimento polos propietarios das obrigas de xestión, polo que non é xusto que aqueles que cumpren axeitadamente as súas obrigas, sufran as consecuencias da minoración dos orzamentos municipais consecuencia da actuación dos que incumplen.

Por iso se propón unha taxa de 80 euros por parcela sobor a que se tramite unha orde de xestión da biomasa vexetal.

Por outra banda, os custes aos que dá lugar á tramitación das cédulas, certificados urbanísticos e declaracións e declaracións de fora de ordeación, deben adecuarse ao seu custe real. Os primeiros xa que están xeralmente vencellados ao tráfico inmobiliario, e os últimos porque, ademais de que implican unha carga de traballo e o correspondente custe, presupoñen a inexistencia de licenza municipal e, consecuentemente, a falla de liquidación e pago do ICIO.

Por último, co gallo de reforzar a seguridade xurídica na aplicación da taxa, redáctase o presente texto refundido da ordenanza fiscal, de xeito que quedaría redactada como segue:

Artigo 1º- Feito Imponible



Constitúe o feito imponible da taxa a actividade de elaboración, reprodución e envío, a instancia de parte, de documentos administrativos polo Concello de Outeiro de Rei, calquera que sexa o seu soporte ou formato, cando a solicitude de dicha actividade non sexa voluntaria ou no se preste ou realice polo sector privado.

Asemade, constitúe feito imponible a tramitación de determinados expedientes urbanísticos a instancias de parte, así coma a tramitación de expedientes tendentes ao cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal.

Non estarán suxeitos á taxa o exame in situ da documentación municipal e o acceso a cualquier lista ou rexistro creado e mantido en cumprimento da lexislación ambiental.

Asemade, non constitúe o feito imponible da taxa, a elaboración ou reprodución dos documentos administrativos que sexan necesarios para a tramitación dun expediente polo Concello de Outeiro de Rei no exercizo das súas competencias.

#### Artigo 2º- Base imponible

Constitúe a base imponible da taxa, o custe estimado da actividade solicitada, integrado polos gastos derivados da adicación do persoal a súa elaboración e do material necesario para a súa elaboración, reprodución e envío, tal e como se valorou no informe técnico-económico que obra no expediente de aprobación da citada ordenanza fiscal.

#### Artigo 3º- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, quenes soliciten a actividade de elaboración, reprodución ou envío do documento.

#### Artigo 4º- Exencións

Está exento do imposto:

- A elaboración, reprodución e envío de documentos aos membros da corporación, sempre que a solicitude se basee no exercizo das súas funcións públicas representativas.
- A elaboración, reprodución e envío de documentos solicitados por outras administracións públicas, para o exercizo de unha función ou competencia legalmente atribuída, salvo a administración corporativa.
- A expedición de documentos cuxa aportación no seo dun procedemento administrativo tramitado perante outra administración pública, veña imposta por unha norma legal ou regulamentaria, sempre que se adxunte, coa solicitude, copia ou referencia da citada norma. Non se aplicará á presente execución á emisión de documentos comprensivos de información urbanística.
- As entregas de copias de documentos que conteñan información ambiental, de menos de 20 páxinas de formato DIN A4, así como o envío de esta información por vía telemática, todo elo nos termos previstos na Lei 27/2006,

de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

#### Artigo 5º- Cuota tributaria

As cuotas tributarias son as seguintes:

- Expedición de copias ou certificados de actos, contratos ou acordos municipais: 3 euros.
- Expedición de copias ou certificados de asentos obrantes nos rexistros ou padróns municipais: 3 euros.
- Elaboración de informes, cédulas, certificados ou declaracións de natureza urbanística (incluso os previstos na lexislación de prevención e control integrados da contaminación e as declaracións de fora de ordenación): 100 euros.
- Expedición de copias completas de plans, proxectos ou programas que obren en poder do Concello de Outeiro de Rei: 10 euros como cuota fixa, que se incrementará a razón de 0,30 euros por cada folio DIN A4 e DIN A 3 que o integre.
- Expedición de copias parciais de plans proxectos ou programas que obren en poder do Concello de Outeiro de Rei: 3 euros como cuota fixa, que se incrementará a razón de 0,30 euros por cada folio DIN A4 que o integre. A tal efecto, se considerará que a copia é parcial, cando abrangue menos do 90% das páxinas ou unidades de soporte documental do plan, proxecto ou programa. En caso contrario, se considerará copia completa.
- Expedición de copias de planos en formato DIN A2 ou formato de superior tamaño: 5 euros por plano en branco y negro.
- Expedición de copias de planos en formato DIN A2 ou formato de superior tamaño: 10 euros por plano en color.
- Encuadernado de proxectos fastener 5 euros.
- Encuadernado de proxectos carpeta 10 euros
- Compulsa ou cotexo de documentos: 0.50 euros por páxina compulsada ou cotexada.
- Tramitación de estudos de detaxe ou documentos de análoga natureza: 300 euros.
- Tramitación de documentos de planeamento ou xestión urbanística: 3000 euros, que se incrementará en 500 euros cando dito documento prevea o seu desenrrolo en dous ou máis polígonos e en 500 euros cando prevea dous ou máis usos no seu ámbito territorial de aplicación.
- Elaboración de documentos de determinación de criterios de ordenación e xestión urbanística sobor ámbitos territoriais de superficie igual ou inferior a 30.000 metros cadrados: 1000 euros. Esta cuota tributaria se incrementará a razón de 500 euros por cada 30.000 metros cadrados ou fracción.

- Elaboración ou reprodución de documentos administrativos non previstos nos apartados anteriores: 3 euros.
- Licencias de regularización de parcelas.

Enténdese por regularización cando o número de parcelas é o mesmo ou menor tralas correspondentes operacións de segregación e agrupación simultáneas.

A cota tributaria será de 50 € por licencia concedida independentemente do número de parcelas afectadas pola regularización.

- Licencias de segregación.

Enténdese como tal la división de una parcela en dos o más parcelas resultantes. A cota tributaria será de 50 € cando las parcelas resultantes da división ou segregación son dous e de 50 € máis por cada parcela resultante que exceda deste número.

Nos supostos de segregación de parcelas en solo rústico con ocasión de particións hereditarias a cota tributaria será de 50 € por licencia concedida independentemente do número de parcelas resultantes.

- Cambio de titularidade de licencias de actividade e de obra maior: 50 €.
- Prórrogas de licencias: 50 €.
- Taxa por expedición de ordes de xestión da biomasa vexetal derivadas do incumprimento do titular da obriga de xestión: 80 euros/parcela.
- Taxa por expedición de licencias de legalización.

Establécese como base imponible o resultado de aplicar ao módulo base, que se establece en 420 €/m<sup>2</sup> de superficie construída que se legaliza, os seguintes coeficientes en función do uso principal da edificación. Enténdese como uso principal o que ocupa alo menos o 80% da superficie a legalizar. En caso de que convivan máis de un uso se aplicará á superficie construída ocupada por cada uso diferente el coeficiente correspondente a cada uso.

Á base imponible se lle aplicará o mesmo coeficiente que o previsto na ordenanza reguladora do ICIO.

En caso de que un uso non este previsto expresamente se aplicará o do uso ao que máis se asemelle de entre os incluídos na seguinte lista:

Usos da edificación	Coeficiente
Hoteles 5*. Edificios Bancarios .....	1.60
Laboratorios.....	1.50
Hoteles 4*.....	1,40
Auditorios. Museos. Teatros. Hoteles 5*,Edificios bancarios .....	1.60
Hospitales. Laboratorios. Iglesias .....	1.50
Bibliotecas. Facultades y Escuelas Universitarias. Hoteles 4*. Edificios penitenciarios.Terminales Marítima y Aéreas.....	1.40

Clubes sociales. Cines. Balnearios. Hoteles 3*.	
Salas de fiestas. Discotecas. Colegios con Residencia.....	1.30
Locales Bancarios. Consultorios. Residencias 3ª edad.	
Aparthoteles. Tanatorios. Centros de culto. Mataderos...	1.20
Vivienda. Hoteles de 2*. Residencias universitarias.	
Moteles.....	1.10
Residencial VPO. Oficinas. Guarderías. Centros	
Docentes. Hoteles 1*.Hostales-Residencias.	
Restaurantes. Estaciones de Autobuses. Salas de	
Exposiciones. Piscinas cubiertas.....	1.00
Bares. Mercados.....	0.90
Centro Comercial. Pabellones deportivos cubiertos.	
Vestuarios. Bungalows. Servicios campings.....	0.80
Edificios de aparcamientos. Local comercial.	
Establecimientos comerciales industria escaparate.....	0.65
Piscinas descubiertas. Cementerios.....	0.50
Locales en planta baja o semisótano sin uso específico.	
Garajes y Aparcamientos. Estaciones de Servicio.....	0.40
Trasteros. Porches y terrazas abiertas.....	0.35
Almacenes y naves industriales. Instalaciones	
Deportivas descubiertas. Naves.Granjas. Cobertizos.	
Depósitos. Graderíos. Panteones ( por nicho).....	0.30
Proyectos de Urbanización (adscritos a la edificación).	
Parcelas campings** .....	0.10
Pistas de tierra y hormigón.....	0.05

- Taxa pola xestión urbanística no sistema de cooperación.

Apricaránse as mesmas taxas aprobadas para a tramitación de documentos de planeamento a instancias de parte no que se refire á aprobación das distintas figuras de planeamento.

Asemade, se cobrará unha taxa correspondente á xestión municipal que conleva o sistema de cooperación. A cota tributaria será a seguinte:

3000 € de cota fixa que se incrementará en 20 € por cada parcela de resultado incluída dentro da unidade reparcelable en concepto de xestión do proxecto de reparcelación.

2% do custe das obras de urbanización en concepto de xestión das obras de urbanización.

#### Artigo 6º - Xestión da taxa

A taxa devéngase no momento de presentación da solicitude da actividade suxeita a tributación, que non se iniciará ou tramitará sen que se efectúe o pago correspondente.

Os feitos impoñibles nos que non concurra unha solicitude previa, a taxa devengarase co inicio do expediente correspondente, e a obriga de pago coa liquidación tributaria xirada a tal efecto pola Administración.

A acreditación do pago da taxa se efectuará, cando a reprodución do documento se faga en soporte papel, mediante a estampación de efectos timbrados nos documentos sobor os que recae a actividade. No suposto de que sexan varias as unidades de soporte documental, estamparamse na primeira delas.

Nos restantes casos, extenderase documento de liquidación e recibo do pago ao interesado, ou estamparamse o efecto timbrado sobor a solicitude presentada no rexistro do Concello de Outeiro de Rei.

#### Disposición final – Entrada en vigor

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O Alcalde inicia a defensa da proposta, informando que a ordenanza se mantén practicamente invariable, modificándose unicamente no xeito de introducir como novo feito impoñible a tramitación das ordes de xestión da biomasa vexetal, o que se xustifica no feito de que dita tramitación é custosa (hai que facer varias visitas de comprobación e xenera unha intensa actividade administrativa) e dita actividade trae causa unicamente do incumprimento dos propietarios das obrigas de xestión da biomasa nos entornos das edificacións, o que a súa vez xenera graves riscos de incendios.

Tamén se incrementa o custe da expedición das certificacións urbanísticas, xa que son certificacións complexas que leva tempo facelas.

Por último, se introduce como feito impoñible da taxa a declaración de fora de ordenación, que recae unicamente sobor as edificacións feitas sen licencia e nas que prescribiu tanto a acción de reposición da legalidade coma a posibilidade do Concello de esixir o pago do ICIO.

Informa que nalgúns concellos fíxose como taxa unha porcentaxe do valor da edificación, o que equivale a un ICIO reducido. Aquí proponse outro sistema consistente nunha contía fixa.

O voceiro do PSdG-PSOE dí que o concepto tributario é o mesmo que o que existía anteriormente no caso das certificacións urbanísticas, e que o único que cambia é a cuota tributaria, que sobe de 50 a 100 euros.

O Alcalde aclara que agora se recolle expresamente a figura de declaración de fora de ordenación e, deste xeito, se dá seguridade xurídica a redacción anterior.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que a taxa pola tramitación de ordes de xestión da biomasa debería recoller o suposto de que un solo propietario teña dous ou máis parcelas colindantes sen xestionar axeitadamente. Neste caso o traballo é o mesmo que se tivese unha sóa e, nembargantes, se lle cobra o dobre ou máis.

O Secretario afirma que casos coma ese son moi escasos, xa que as fanxas de xestión son moi estreitas.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que o volume non ten moito que ver coa xustiza da cuota, e por iso non lles parece coherente a proposta.

O Alcalde resposta que ese suposto é son moi pouco frecuente, e que o máis frecuente e que nunha mesma denuncia concurren varios titulares e parcelas denunciadas. E tamén poderíase pensar que se denuncian a varias parcelas de diversos propietarios que están xuntas os custes de xestión baixan.

Nembargantes isto non sempre é así, porque as denuncias non se fan ao tempo ou porque non cumpren simultaneamente a orde e hai que comprobar o cumprimento por separado. Tampouco se trata de gravar en función da superficie da parcela, que tamén podería ser.

Claro que pode haber casos particulares, pero son moi escasos e recollelos todos, ademais de ser moi difícil, dificultarían moito a xestión.

E non se pode esquecer que o que aquí se pretende é acabar coa situación inxusta de que, un propietario, por incumprir a lei e crear unha situación de perigo, xenera un expediente administrativo moi custoso que, coma non se cobra ao causante, teñen que pagar tódolo veciños, incluso os cumpridores.

Isto non pode ser e con esta modificación se pretende evitar esta situación inxusta.

E recorda que este verán o lume ten chegado a dez metros das casas.

En relación ao cobro da declaración de fora de ordenación, é necesario recordar que esta xente pagará unicamente 100 euros por legalizar a casa, cando unha persona que solicitou licencia tivo que pagar o ICIO, que é unha cantidade moi superior. Polo tanto beneficiaselle claramente, a pesares de que, dende o punto de vista da xustiza, tal vez habería que cobrarlles unha contía equivalente ao ICIO.

O voceiro do BNG insiste en que éste non é o momento de facer unha suba tan grande das taxas municipais, tendo en conta da difícil situación pola que están a pasar moitas familias.

O voceiro do PSdG-PSOE insiste en que a regulación proposta da taxa pola xestión da biomasa pode dar lugar a situacións inxustas (varias parcelas colindantes pertencentes ao mesmo propietario), e que non se pode equiparar os dereitos que

outorga unha licenza urbanística a declaración de fora de ordenación, polo que tampouco sería xusto equiparar a taxa.

O Alcalde fai notar que non ten os mesmos dereitos, pero é necesario recordar que edificou dun xeito que non podería de respetar as normas, que non pagou os impostos e que non se lle iniciou expediente de reposición ou sancionador, polo que resulta claramente beneficiario con respecto a que cumpriu.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación das propostas transcritas.

Realizada a votación, quedan aprobadas as tres propostas con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e PSdG-PSOE.

## **8.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE REBAIXA DO SALARIO DO ALCALDE E DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DOS CONCELLEIROS MUNICIPAIS PARA O EXERCIZO 2012**

Iníciase o debate coa exposición da seguinte proposta de resolución:

“O Grupo firmante propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Rebaixar a indemnización por asistencias a sesións plenarias de 200 euros a 180 euros/sesión, así coma as asistencias as Xuntas de Goberno, Comisións informativas e demais Órganos Colexiados de 80 a 75 euros.

Segundo.- Rebaixar as dietas oficiais da seguinte forma:

- Dieta completa (pernoctando fora do domicilio): se rebaixará dos 150,00 euros actuais aos 120 euros.
- Media dieta (xestións fora do municipio): se rebaixarán dos actuais 100 euros a 80 euros, salvo para os concelleiros que ostenten dedicación parcial ou exclusiva, que se reducirá de 50 a 40 euros.

Terceiro.- Salario da Alcaldía.

Rebaixar a contía do salario do Alcalde na porcentaxe do 5% sobor a contía mensual fixada no acordo plenario do día 24 de xuño de 2011.

Cuarto.- O presente acordo extenderá a súa vixencia do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2012. Unha vez finalizado o prazo de vixencia será de aplicación o réxime xeral establecido no acordo adoptado na sesión organizativa de 24 de xuño de 2011.

Outeiro de Rei, 14 de decembro de 2.011”

O Alcalde xustifica esta baixada do seu salario e das dietas dos concelleiros na actual situación económica, así coma no feito de que o esforzo pedido aos veciños coa suba das taxas debe corresponderse cun esforzo dos seus represantes.

O voceiro do PSdG-PSOE está dacordo coa baixada proposta, polo menos polo que atinxe aos concelleiros, e incluso propondría baixar as dietas por asistencia a sesións plenarias de 200 a 150 euros si eso axuda a paliar a situación.

Critica que a baixada non é equitativa, xa que aos concelleiros se lles baixan certas dietas un 10%, mentres que ao Alcalde únicamente se lle rebaixa o soldo un 5%.

Ao voceiro do BNG parécelle que queda moi bonita a proposta, e que adoptada no mesmo pleno que a suba das taxas parece que unha cousa por outra que non doe.

Pero ao seu parecer as dietas por asistencia a plenos deberíanse baixar a metade, e a baixada de soldo do Alcalde parécelle insignificante, se ben anuncia que apoiará a medida porque algo é algo.

O Alcalde resposta ao voceiro do BNG que non está mal que, de cando en vez, os políticos fagan cousas que parezan “bonitas”, xa que moitas veces faise o contrario.

Pero a baixada que aquí se propón non é para que pareza bonita, senón para contribuir a cuadrar a economía municipal, por pouca incidencia que teña, xa que as retribucións do Alcalde e concelleiros, aínda que se eliminasen totalmente non podería evitar a subida das taxas.

Defende, asemade, que o Alcalde e concelleiros teñen que ter algunha retribución, xa que ninguén dubida que o traballo ten que remunerarse. Poderá discutirse cánto, pero non que o traballo ten que ter un salario.

O concelleiro do grupo municipal do PP, don Serafín Vázquez Arias, fai uso da palabra para aclarar que non é o mesmo baixar as dietas aos concelleiros, xa que todos teñen as súas ocupacións, que o salario ao Alcalde, que é a retribución a unha adicación total e, mentres sexa Alcalde, a súa retribución.

O Alcalde considera que deberían debatirse na sociedade as retribucións dos políticos, xa que o salario do Presidente de Goberno, por exemplo, é ridículo en atención a súa responsabilidade. E pon coma exemplo a un Presidente que crea cinco millóns de postos de traballo e a outro que crea cinco millóns de desempregados. O Presidente que crea cinco millóns de desempregados, aínda que en vez de cobrar pagase, non podería pagar a desfeita. Mentres que o Presidente que crease cinco millóns de postos de traballo, aínda que multiplicase o seu salario por 10, saíria moi barato.

E polo que se refire á proposta dos concelleiros do PSdG-PSOE e BNG de rebaixar as asistencias ao pleno, contesta que xa sabe que os concelleiros destes grupos tómanse os plenos á lixeira, pero os restantes concelleiros preparan e estudan os asuntos e lle adican tempo, e iso ten que ter unha retribución.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución anteriormente transcrita.



Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## **9. MOCIÓNS DE URXENCIA**

O sr. Alcalde propón tratar conxuntamente as seguintes mocións urxentes, xa que versan sobor o mesmo asunto:

- Moción do grupo municipal PSdG-PSOE, con número de rexistro 4381 e presentada o día 19 de decembro de 2012.
- Moción do grupo municipal BNG, con número de rexistro 4351 e presentada o día 19 de decembro de 2012.

Asemade, o Alcalde propón consideralas urxentes, ao que non se opón ningún membro da corporación.

A continuación, o voceiro do grupo municipal PSdG-PSOE inicia a defensa da moción con número de rexistro 4381 e presentada o día 19 de decembro de 2012 e do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI:

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

O Goberno da Xunta de Galicia a través da Consellería de Sanidade ven de publicar unha orde do 5 de setembro do 2011 na que ten como obxecto o regular e establecer o procedemento para o recoñecemento do dereito ó acceso á asistencia sanitaria por parte das persoas sen recursos económicos suficientes e das que se encontra en situación de desemprego.

Ase mesmo nesa mesma orde se marcan os requisitos para solicitar asistencia sanitaria aquelas persoas que carecen de recursos económicos suficientes e que nesa orde pasa a denominarse PSR.

Ademais esta orde limita a asistencia sanitaria os inmigrantes de maneira que ¡les obriga a residir 183 días en Galicia antes de ter dereito a asistencia sanitaria ordinaria.

En calquera dos casos se ¡les recoñece a todas as persoas afectas, persoas sen recursos e inmigrantes o dereito á asistencia sanitaria urxente e emerxente, pero previo compromiso de pago por escrito.

A Consellería de Sanidade a través da Dirección do Servizo Galego de Saúde remitiu ós centros de Saúde da nosa Comunidade un Protocolo de Actuación para estes casos no que se instaba ós diferentes profesionais de ditos centros a extremar as medidas e cumprir estritamente con esta orde.

Desta maneira a nosa comunidade converteuse na primeira comunidade de España en publicar unha orde que significa un recorte substancial dos dereitos dos cidadáns en canto a asistencia sanitaria. Tanto na Lei Xeneral de Sanidade do ano 1986, como na Lei de Saúde de Galicia, que se aprobou no ano 2008, sendo presidente da Xunta Emilio Pérez Touriño, se recoñece o dereito a Universalidade da asistencia sanitaria.

Ase mesmo, por medio do Real decreto 1088/1989, de 8 de setembro, permitiuse o acceso á asistencia sanitaria pública ós cidadáns sen capacidade para efectuar as cotizacións á Seguridade Social. En concreto, no seu artigo primeiro lles recoñece as prestacións os españois que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional e carezan de recursos económicos suficientes

A lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, se lles permite o acceso á asistencia sanitaria.

Pola Orden de 13 de novembro de 1989, que desenrola do R.D. 1088/1989, queda establecido que lle corresponde o órgano competente da Comunidade Autónoma na prestación sanitaria cubrir ditas asistencias.

Pois a pesar de toda esta normativa existente a nivel autonómico e estatal o Goberno do Sr. Feijoo foi quen de publicar unha orde que retira a asistencia sanitaria gratuita ós parados que rematan o seu dereito a prestación de desemprego e as persoas pobres, sen recursos, precisamente nos momentos nos que esta crise mundial esta a afectar a miles de galegos e galegas.

Pero o Goberno Galego non so ¡les retira este dereito senón que ademais para ser recoñecido de novo o seu dereito a dita asistencia, o Goberno Galego lle esixe uns requisitos e unha serie de documentación, que tal e como recolle a propia orde, fai imposible que a ditas persoas se lles recoñeza de novo o seu dereito nun prazo non inferior a 3-6 meses. Iso sempre e cando podan demostrar a súa situación económica ca documentación requirida porque en caso contrario se lle pode denegar polo Servizo Galego de Saúde dito dereito. Mentres Galicia publicou esta orde, noutras CCAA, grazas a Convenios firmados entre ditas CCAA e o Ministerio de Traballo, dito recoñecemento é automático.

#### ACORDO:

O Concello de Outeiro de Rei insta á Xunta de Galicia a derogar a orde do 5 de setembro na que a Consellería de Sanidade deixa as persoas sen recursos, parados de longa duración e inmigrantes sen os mesmos dereitos que o que teñen o resto dos

cidadáns de Galicia, unha asistencia sanitaria pública e gratuita; tal como recoñecen as lexislacións existentes a nivel autonómico e estatal en vigor.

En Outeiro de Rei, a 19 de decembro do 2011”

Fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen defende a moción con número de rexistro 4351 e presentada o día 19 de decembro de 2012 e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte.

## MOCIÓN SOBRE A ANULACIÓN DA TARXETA SANITARIA ÁS PERSOAS DESEMPREGADAS E PERSOAS SEN RECURSOS ECONÓMICOS

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 9 de setembro de 2011 a Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial unha orde na que regula o dereito de acceso á asistencia sanitaria para as persoas sen recursos económicos suficientes e para as persoas desempregadas. Posteriormente remitiu aos centros de saúde un Protocolo de traballo para a posta en marcha da devandita Orde. Neste protocolo indícase: "Dende a entrada en vigor da Orde as persoas sen recursos que soliciten teñen dereito á atención de urxencias e emerxencias, polo que, ante a solicitude dunha atención urxente é necesario dar unha alta rápida no aplicativo con documentación acreditativa "PRIVAD©", previa busca do cidadán na aplicación, sempre se lles entregará o modelo de compromiso de pago para que o asinen, escribindo a man (mentres non estea preparado o modelo na aplicación) o seguinte texto: Persoas sen recursos económicos su ficien tes en tramitación. Só asistencia urxencia/emergencia."

Segundo se indica no texto literal reproducido, as persoas afectadas só teñen dereito, previo compromiso de pago, á atención de urxencias e emerxencias, é dicir, perden o dereito á sanidade pública universal, fican sen médico/a de cabeceira, sen probas diagnósticas nin especialistas, non teñen, en definitiva, asistencia sanitaria completa. Estas persoas quedan tamén sen a asistencia farmacéutica até que volvan a ter todos os papeis en regra para volver estar de alta.

O proceso de clasificación das persoas afectadas nunha nova categoría non pode conlevar a desactivación dos seus dereitos sanitarios e menos sen recibir información por parte do Goberno galego do que está a suceder.

Todas as persoas afectadas terán a obriga de solicitar unha tarxeta de persoas sen recursos mais esa solicitude pode tardar en aprobarse entre oito e dez meses, polo que durante todo ese tempo permanecerán sen asistencia gratuíta

Esta orde está totalmente inxustificada, é inhumana e desoladora, xa que vulnera os dereitos básicos da cidadanía e rompe os principios de universalidade e equidade da

Sanidade Pública. O goberno do PP na Xunta de Galiza está a levar adiante unha serie de medidas que pretenden a privatización e o desmantelamento da sanidade pública no noso país como demostra a redución de persoal sanitario mediante a non cobertura de baixas e xubilacións, a redución de consultas e actividade nos quirófanos na quenda de tarde, o incremento dos concertos privados, a entrada de capital privado no financiamento dos novos hospitais ou o recorte de 237 millóns de euros no orzamento da sanidade pública.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Retirar de xeito inmediato o Protocolo que desenvolve a Orde de 5 de setembro de 2011 publicada no DOG do 9 de setembro.

2. Restituír todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas.

3. Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega.

Outeiro de Rei 19 de Decembro de 2011”

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular afirma que “a restitución do dereito das persoas afectadas” lle corresponde ao Instituto Nacional da Seguridade Social, que foi quen deu de baixa as tarxetas anuladas, e non a Administración autonómica.

E non é certo que o Sergas non lles preste servizo a esos cidadáns, xa que unicamente teñen que ir ao centro médico e lles expiden no momento un papeliño para que poidan ir dende ese mesmo momento ao médico.

E insiste en que todo problema deriva de que a Seguridade Social lles anulou a tarxeta. Pero deberían saber que o Presidente Feijoo garantíu que ningún cidadán galego ía a quedar sen prestación.

Outra cousa é que os nacionais doutros países veñan a operarse a Galicia, ou que o fagan quenes teñan un seguro privado, de xeito que as compañías de seguro cobren e os custes sanitarios os pagemos todos.

E remata calificando as mocións de demagóxicas, xa que queda claro que en Galicia está asegurada a asistencia sanitaria a tódolos galegos e quenes presentan esta moción o coñecen perfectamente.

O voceiro do PSdG-PSOE, afirma que os compromisos hai que plasmalos por escrito, xa que non vale que o Presidente diga na prensa que ningún vai quedar

desatendido e logo a xente vaia ao servizo de saúde e se encontre con que non lle poden prestar o servizo.

O voceiro do BNG insiste en que houbo moitos casos de desatención a doentes, tralo cal o Presidente da Xunta dixo que se ía a arranxar o problema. Posteriormente a Conselleira de sanidade afirmou que o problema era da Seguridade Social. Pero o que é certo é que a expedición da tarxeta é competencia do Sergas, non da Seguridade Social.

Remata advertindo que, se se trata dun problema burocrático, o que se terá que facer será aprobar a normativa que o elimine, non limitarse a facer declaracións.

O voceiro do PP insiste en que o Sergas garante a prestación a totalidade do galegos, e que a orixe do problema radica en que a Seguridade Social invalidou as tarxetas destas persoas, pese ao cal o Sergas garántelles igualmente o servizo activándolles novamente a tarxeta.

Por todo o cal anuncia o rexeitamento destas mocións.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación das mocións transcritas.

Realizada a votación, quedan rexeitadas as dúas mocións con oito votos en contra da súa aprobación, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e PSdG-PSOE.

## **10. PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS**

A instancias do Alcalde, o Secretario dá lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, con data de 21 de decembro de 2012 e número de rexistro 4419, do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno , con relación o punto da Orde do Día do Pleno da data:

1.- Respecto a carta enviada aos veciños do Concello de Outeiro de Rei, pode explicar o Sr. Alcalde

¿Por qué se explica aos veciños de Outeiro de Rei que as vivendas que están xa rexistradas, ou con documentación teñen que facer o trámite da incursión como edificacións fora de ordenación?, ¿Pode explicar que diferencia hay entre unha vivenda documentada no Rexistro da Propiedade e unha que pretenda acceder a él mediante o sistema proposto pola disposición transitoria terceira da LOUGA.

Explique vostede que medidas ten pensado tomar respecto aquelas edificacións que non fagan ese trámite.

2.- Respecto a documentación a presentar para solicitar que unha edificación esté declarada como fora de ordenación, pode explicar o Sr. Alcalde

¿Qué tipo de titulación ou titulacións se esixen, e por qué, para a firma da devandita documentación, é decir: Certificado de Solidez e documentación adxunta?

3.- Respecto as obras a realizar nas urbanizacións de Guillar, pode explicar o Sr. Alcalde

¿Cómo vai o proxecto de construción do polideportivo que alí se prometeu ? ¿en que fase se atopan os traballos, na medida en que no mes de maio, se iniciaran as obras coa apertura de hocos para as zapatas ?

En Outeiro de Rei a 21 de decembro de 2011”

O Alcalde resposta nos seguintes termos:

Unha cousa é que as vivendas estén rexistradas ou escrituradas e outra ben distinta é que se atopen urbanísticas regularizadas, xa que defender o contrario é tanto coma dicir que unha vivenda, polo feito de figurar nunha escritura notarial non precisa de licenza municipal de obras.

O Concello, neste tema, limítase a informar aos veciños das posibilidades que dá a lei, pero o Concello non fixo a lei.

O Concello únicamente esixe a titulación para a sinatura da documentación en función da lei, que en función dos usos da edificación establece unha ou outra titulación. Obviamente o Concello non vai alterar o réxime legal de competencia.

Por último, nega que se prometera en ningún momento a construción dun polideportivo en Guillar e dí descoñecer a qué obras se refire no escrito de preguntas.

E non habendo máis asuntos a tratar e sendo as quince horas da data do encabezamento o Alcalde levanta a sesión, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde